DQR

**TABOLEIRO DE EDICTOS E SEDE ELECTRÓNICA**

**Procédese á publicación do literal do Decreto número 1160, de data 14/06/2023, no que se convoca a sesión constitutiva da Corporación municipal do 17 de xuño de 2023.**

***«RESOLUCIÓN***

***CONVOCATORIA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL***

*En uso das facultades conferidas polos artigos 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, e en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e artigo 37 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,*

C.I.F. P-1503100-H

***RESOLVO:***

***PRIMEIRO.-*** *Convocar a SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Culleredo ás DOCE horas (12.00 h), do día 17 DE XUÑO DE 2023, en primeira convocatoria, e dous días despois á mesma hora, en segunda convocatoria, segundo o disposto no artigo 37.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que se desenvolverá de acordo co seguinte esquema:*

*1. Constitución da Mesa de Idade e comprobaciòn previas á Constitución do Concello.*
*2. Toma de posesión dos/as concelleiros/as electos/as.*
*3. Constitución da Corporación municipal.*
*4. Elección de Alcalde.*
*5. Toma de posesión do cargo de Alcalde.*

***SEGUNDO.-*** *Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben asistir ao Pleno, así como ao Secretario Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do Concello e no portal de transparencia do Concello. (www.culleredo.es).*

***TERCEIRO.-*** *Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto*



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es
*Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder*

*2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.»*

Asinado dixitalmente polo Sr. alcalde en funcións do Concello de Culleredo don José Ramón Rioboo Castro.

RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON
Alcalde-Presidente, en funcións
14/06/2023 15:00

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

*Documento asinado electronicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder*